



TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Terminoloxía

MEDIOS DE AVALIACIÓN

Evidencias, produtos ou actuacións que nos informan sobre os procesos e resultados das aprendizaxes que se queren avaliar. Poden adoptar forma escrita, oral ou práctica.

Que imos avaliar?

TÉCNICAS DE AVALIACIÓN

Estratexias que empregamos para recoller de xeito sistemático a información.


Como imos avaliar?

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Ferramentas ou soportes que se empregan para rexistrar ou valorar as aprendizaxes que se fan explícitas a través dos medios de avaliación.

Con que imos avaliar?

Fases da avaliación



Técnicas de avaliación

- **Verifican** o logro das competencias ou obxectivos segundo o especificado nos indicadores.
- Obxectivas, confiables e precisas.
- Seleccionar actividades de avaliación acordes co ensinado.
- O alumnado debe coñecer e comprender:
 - Os criterios de avaliación.
 - Os requirimentos e formas aceptables de desempeño.
 - Que as execucións van ser cotexadas cos requirimentos.
 - Que van ser contrastados cos desempeños do resto do alumnado.



Técnicas de avaliación




OBSERVACIÓN

Directa
Indirecta



INTERROGACIÓN

Oral
Escrito



ANÁLISE DE DOCUMENTOS E PRODUTOS




ANÁLISE DE DESEMPEÑOS



Instrumentos

- **Soporte** no que recollemos e analizamos información relacionada coas variables do estudio.
- Antes de seleccionar un instrumento debemos ter en conta os seguinte:
 - **Que é o que queremos medir:** relación clara e xustificada coas variables.
 - **Saber como medir a información:** para poder interpretala despois de xeito adecuado.
 - **Escalar as unidades de medida:** teñen que ser representativas e proporcionadas aos valores das variables.
 - **Selección do instrumento:** se existen instrumentos xa creados, elixir o que máis se axuste ao que se pretende investigar.
 - **Construción do instrumento:** no caso de non dispor dun instrumento xa creado, teremos que construílo e validalo.



Instrumentos

En relación coa **recollida de datos**, haberá que responder ás seguintes preguntas:

- Que datos?
- Cando se recollen?
- Onde?
- Con que frecuencia?
- Quen os recolle?
- Como se recollen?

En relación co acto ou momento da medida tamén podemos atopar **problemas**:

- A intervención do aplicador do instrumento.
- As circunstancias espazo – temporais.
- O propio instrumento (nas súas características externas ou internas).

NOTA: Os instrumentos de recollida de información deben ser **variados, fiables e válidos**.



Instrumentos

Para interpretar correctamente os resultados teremos en conta:

- **Tratamento:** traslado da información a táboas que nos permitan manexar os datos.
- **Análise:** estudos estatísticos ou doutra natureza que nos proporcionan os resultados.
- **Interpretación:** os resultados obtidos na fase de análise deben cotexarse coas informacións previas para constatar de xeito fundamentado as coincidencias e diverxencias que se produzan.
- **Valoración dos datos:** avaliar os resultados obtidos para comprobar a súa validez e comprobar se as hipóteses formuladas se confirman ou non.



Instrumentos

Podemos clasificalos seguindo distintos criterios.

1. Técnica empregada para a recollida da información
2. Vía prioritaria para a obtención da información
3. Función que cumpre



1. Técnica empregada para a recollida da información:

- a. **Observación** (rexistros anecdóticos, listas de control ou de cotexo, escalas de estimación ou valoración, rúbricas).
- b. **Interrogación** (preguntas, enquisas e cuestionarios, entrevistas, discusións, mesas, foros, debates, test).
- c. **Análise de producións** (exames, probas obxectivas, composicións e ensaios, resolución de problemas, inventarios, portafolios, rexistros, diarios, cadernos, resumos, mapas mentais, mapas de conceptos, organizadores gráficos, produtos, proxectos).
- d. **Análise de desempeños** (técnica de solución de problemas, técnica de casos, técnica de preguntas, listas de cotexo, escalas de valoración, actas, cadernos, bitácoras, documentos de reflexión e metacognición, documentos de planificación, prácticas, proxectos de investigación, rúbricas, DAFOs).



2. Vía prioritaria para a obtención da información:

- a. **Expresión escrita** (exame ou proba escrita, traballo escrito, ensaio, póster, informe, recensión, proxecto, caderno de campo, diario, ficha de prácticas, memoria, carpeta ou dossier, portafolio).
- b. **Expresión oral** (charla, conferencia, entrevista, debate, mesa redonda, simposio).



3. Función que cumpre:

- a. **Recollida de información** (exame, proba escrita, ensaio, informe, póster, gráfico, caderno, diario, ficha, memoria, carpeta, dossier, portafolio, charla, conferencia, entrevista, debate, mesa redonda, simposio, exposición oral, gravacións sonoras, vídeos)
- b. **Análise da información** (dianas de avaliación, rexistros anecdóticos, listas de control ou cotexo, escalas de estimación ou valoración, rúbricas).



Técnicas e instrumentos

OBSERVACIÓN

Información útil sobre os feitos e como se están a desenvolver. Contempla tanto o proceso como o produto.

A observación sistemática atenderá ao:

- Obxecto de avaliación
- Contexto
- Natureza da situación.

- **Observación directa:**

- Rexistro anecdótico
- Rexistro descritivo
- Rexistro de trazos
- Listas de cotexo ou de control
- Escalas de estimación
- Guías de observación
- Cadros de observación
- Dianas de avaliación

- **Observación indirecta:**

- Análise de traballos e/ou gravacións
- Escalas de produción



Técnicas e instrumentos

INTERROGACIÓN

Interacción verbal, ou por escrito, para obter información sobre os aspectos que se queren avaliar .

- Os cuestionarios organizan listaxes de preguntas para coñecer datos sobre os aspectos que imos avaliar.
- A entrevista supón unha relación interpersonal mediante interacción verbal. Permite coñecer aspectos da evolución do proceso e non só do produto do mesmo. Debemos delimitar previamente as finalidades e os obxectivos, e pautar cos criterios a recollida de información.
- As técnicas sociométricas poñen de manifesto a estrutura dos grupos e as interaccións entre os seus membros.
- **Ítems ou preguntas**
- **Enquisas e cuestionarios**
- **Entrevistas** (individuais ou de grupo):
 - Estructuradas (preguntas pechadas)
 - Semiestructuradas (liñas xerais, flexibles)
 - Non estruturadas (totalmente abertas)
- **Discusión guiada o estruturada.**
- **Mesas/Foros/Debates**
- **Test sociométrico**



Técnicas e instrumentos

ANÁLISE DE DOCUMENTOS E PRODUTOS

Obtención de informacións sobre un ou máis documentos, producións escritas e artefactos dos estudantes.

- Proporcionan informacións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe e sobre o seus resultados.
- É o tipo de técnica máis empregada para a avaliación dos produtos.

- Inventarios
- Portafolios
- Diarios, bitácoras ou cadernos
- Ensaíos ou composicións
- Exames ou probas (teóricos/prácticos)
- Resumo de casos
- Mapas conceptuais
- Mapas mentais
- Organizadores gráficos
- Informes de investigación
- Resolución de problemas
- Texto paralelo
- Listas de cotexo
- Escalas de valor
- Matriz de valoración ou Rúbrica



Técnicas e instrumentos

ANÁLISE DE DESEMPEÑOS

Obtención de informacións sobre actitudes, producións no escritas ou desempeños dos estudantes.

- Proporcionan informacións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe e sobre o seus resultados.
- É o tipo de técnica máis empregada para a avaliación das competencias.

- Inventarios
- Listas de cotexo
- Portafolios
- Diarios, bitácoras ou cadernos
- Documentos de reflexión
- Actas de sesión
- Mesas redondas/Debates
- Gravacións ou composicións
- Ensaio
- Escalas de actitudes
- Estudo de casos
- Prácticas
- Proxectos de investigación
- Resolución de problemas
- Matriz de valoración ou Rúbrica
- DAFOs



